

Apenas un exemplo servirá para ilustrar o ridículo que pode chegar a ser o extremo da inclusión nas categorías xenéricas. Durante anos as clásicas Asociacións de Pais de Alumnos convocaban reunións nos centros escolares ás que, por circunstancias sociais diferentes, acudían preferentemente, cando non exclusivamente, nais. Esas asociacións, así e todo, continuaban denominándose Asociacións de Pais de Alumnos. Ata que un día se comezou a percibir a anomalía e se decidiu que as nais, implicadas de cheo no proceso educativo, deberían estar presentes na convocatoria. Por iso, en Galicia, nos últimos anos vén sendo xa habitual que estas asociacións se denominen ANPAS( Asociacións de Nais e Pais de Alumnos e Alumnas), a pesar de que o acrónimo contradiga a moi cacarexada norma ortográfica de que antes de p e b se escribe m. Cando unha persoa decide formar parte dun colectivo de calquera tipo é porque quere intervir, modificando aspectos do funcionamento do mundo (das institucións, dos centros de ensino, dos costumes) que cre poder mellorar. Cando unha persoa toma unha decisión como esta, non quere ser transparente. Así que, cando o n de nai vence as leis da ortografía, as nais están optando pola insumisión. Unha insumisión esta que é simbólica mais non ineficaz: ao final a ortografía é tamén unha forma coa que detentar poder a través da linguaxe e, como di humoristicamente Mosterín, constitúe unha institución de reforma máis difícil que a propia toma da Bastilla coa que comezou a Revolución Francesa.

TERESA MOURE  
"A palabra das fillas de Eva"

Este texto fala da existencia do sexismo na linguaxe, e opta por loitar para cambiar esta realidade. Busca exemplos de linguaxe sexista, desde os máis evidentes ata os máis subtís.

Na actualidade, na nosa sociedade está moi vivo o debate respecto á linguaxe sexista. Busca as distintas argumentacións que se dan neste debate e pondera as mesmas. Se téns dificultades para atopar argumentacións que defendan a existencia de discriminación a través da linguaxe, remítete á obra da que este texto é extracto e busca os argumentos que máis te convenzan. Reflexiona de paso sobre cal che parece a posición dominante neste debate e a que debe a súa hexemonía.

Reflexiona sobre o que a autora quere dicir ao falar das persoas que non queren ser transparentes. Pensa en cantas cousas hai polas que queredas visibilizarte e compara as que son máis importantes para ti coas opcións que escolle outra xente do teu entorno. Escolta os argumentos que teñen para priorizar cuestións distintas ás túas.

# DECEMBRO

Resérvate o dereito de pensar: incluso equivocarse é mellor que non pensar nada.

Hypatia

L	M	Me	X	V	S	D
1 1563 O Concilio de Trento decreta que as mulleres "teñen alma"	2 1952 Nace Ganh Xieo Rong. Premio ao mellor filme de Vietnam en 1990	3 2003 Premio "Toda unha Vida" á realizadora e directora de cinema Josefina Molina	4 2003 Morre Dulce Chacón, novelista, defensora dos dereitos da muller e da paz	5 1991 Nadine Gordimer. Nobel de literatura. Denuncia o rexime racista de Sudáfrica	6 1856 Nace Louise Catherine Breslam, pintora suíza	7 1932 Método de Lectura, de Xosefa I. Vilarelle, 1º texto didáctico publicado por unha muller
8 1864 Nace a escultora francesa Camille Claudel	9 1948 Nace Gioconda Belli, escritora nicaraguana. Escribe "A muller habitada"	10 2003 Shirin Ebadi. Premio Nobel da Paz. Loita polos DDHH das mulleres no Irán	11 1920 Nace en Córdoba Manuela Díaz Cabezas, guerrilleira durante a guerra e a posguerra	12 1992 O Tribunal Constitucional falla contra HUNOSA por discriminación sexual	13 1935 Nace Lidia Falcón. Escritora, ensaísta, e fundadora do Partido Feminista	14 1898 Nace Olimpia Valencia, 1ª galega médica e fundadora da Academia Médico-Cirúrxica
15 1673 Pasamento de Margaret Cavendish, filósofa e física	16 1952 Sofía Casanova, convértese en Académica de Honra da Real Academia Galega	17 1706 Nace Mme. du Châtelet. Traduciu os "Principia" de Newton ao francés.	18 1979 "Convención sobre eliminación da discriminación contra a muller" ONU	19 1915 Nace Edith Piaf, cantante francesa apodada "O pardal de París"	20 1959 As Nac. Unidas suscriben a Convención sobre os Dtos. Políticos da Muller	21 1959 Nace Florence Griffith J. Athleta. 4 medallas olímpicas nos Xogos de Seul
22 1962 Nace Gema Ramos, escritora, fotógrafa e realizadora de curtametraxes	23 Pepa "a Loba" Nace na Estrada no S.XIX. Víltima da "Xustiza" da época convértese en bandoleira.	24 1796 Nace Cecilia Böhl de Faber. Adoptou pseudónimo masculino para publicar a súa obra	25 1873 Nace Rosario Vera Peñaloza, educadora	26 "A palabra é como auga, ali onde a realidade é como pedra" María Zambrano	27 1901 Nace Marlene Dietrich, actriz alemá de cinema	28 1874 Nace Mª Lejarraga, feminista e escritora. A súa obra asinoua o seu marido
29 2005 Publicase no BOE a Lei Orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.	30 1948 Nace Adrian Donna Gaines, máis coñecida como Donna Summer	31 As mulleres invisibilizadas, que contribuíron á dignidade da vida humana				